



nota de prensa

## **Veciñanza leva ao Pleno a moción para construír unha Escola Infantil Pública na Unitaria de Arcos**

*Veciñanza presentara esta proposta aos poucos días de que Xunta de Galicia anunciara o peche da Escola Unitaria de Arcos. Veciñanza fai un chamamento ao PSOE e ao PP para unir esforzos na reivindicación dun servizo público tan demandado..*

Cuntis. 24 de setembro de 2019

O pasado mes de agosto Veciñanza presentaba a proposta de ubicar unha Escola Infantil Pública da Xunta de Galicia (Galiña Azul) na recién pechada unitaria de Arcos de Furcos. Consideraba que era **unha maneira de reverter unha noticia tan negativa e aproveitar un edificio en bo estado e con todos os servizos en funcionamento para cumprir a demanda dun dos servizos públicos máis necesarios en Cuntis.**

**Este xoves, o Pleno Municipal da Corporación de Cuntis debaterá esta moción.** Veciñanza considera que o Concello de Cuntis debe iniciar os contactos coa Xunta de Galicia a fin de valorar as posibilidades a este respecto. Existe a oportunidade de reutilizar o edificio da recién pechada escola unitaria de Arcos de Furcos e aproveitalo para establecer alí a instalación que se demanda: conta cos servizos necesarios, vén de estar en perfecto funcionamento, presenta un espazo idóneo para o ensino infantil nun entorno en contacto coa natureza, figuraba no programa electoral máis votado, etc. **Veciñanza insta a que se valoren as características técnicas e a tramitación burocrática necesaria para levar a bo porto esta reivindicación.**

**Veciñanza fai un chamamento ao resto de grupos políticos para unir esforzos nesta reivindicación.** Os servizos públicos básicos son materia de consenso, e a escola infantil é unha das necesidades máis demandadas especialmente entre as familias máis novas que, para a conciliación laboral e familiar, vense na obriga de desprazarse ata concellos limítrofes para poder deixar aos seus fillos e fillas por falta de prazas públicas.

Veciñanza xa presentara no mes de maio de 2018 unha moción para que o Concello de Cuntis e a Xunta de Galicia retomaran o proxecto do ano 2009 para a construción dunha escola infantil. A escaseza de prazas públicas na comarca e a importancia de dotarnos de servizos como medida para a fixación de poboación explicaban a nosa iniciativa. Logo dun ano ignorándoa por completo, o PSOE incluía este punto, ao igual que Veciñanza, no seu programa electoral das pasadas eleccións.